

A normalización lingüística do galego através dos blogs: o caso de Blogaliza

Lara Dopazo

Universidade de Santiago de Compostela

Email: dopazo.ruibal@gmail.com

David Lombao

Universidade de Santiago de Compostela

Email: davidlombao@hotmail.com

Resumo

O galego é unha lingua minorizada. O nacemento dunha comunidade de blogueiros, Blogaliza, que usan dun xeito practicamente único a lingua galega para se expresaren e discutiren arredor de todo tipo de temas, contribúe ao uso normal deste idioma.

1. O galego coma lingua minorizada

Entendemos o concepto de lingua minorizada como a noción que refire a aquelas linguas que, convivindo con outras nun mesmo espazo xeográfico e social, e tamén compartindo falantes, se sitúan nun nivel inferior, xa sexa no referido a status, número de falantes, etc. Tal e como afirma o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (UdC) na súa información referente á elaboración dun Plano de Normalización Lingüística, “o galego é unha lingua minorizada que, despois dunha primeira fase de normalización plena, sufriu un forte desprestixio social durante séculos cunha perda progresiva de falantes que se fixo máis importante ao longo do XX, especialmente desde os anos 50. Nas últimas décadas, as diferentes institucións galegas desenvolveron unha serie de medidas para superar esta fase e conseguir a total normalización da lingua galega”¹. Polo tanto, podemos afirmar que o uso da lingua galega sufriu un descenso cualitativo e cuantitativo en beneficio da lingua castelá, tanto en eidos coma no ensino, na vida pública ou nos

¹ SNL da UdC - <http://www.udc.es/snl> [consultado o 15-5-2006]

medios de comunicación como no seu uso cotián por parte dos galegos e galegas.

2. A situación legal do galego

A diferenza doutras linguas minorizadas o galego, logo de séculos no que o seu uso foi condeado, cando non perseguido e case que clandestino², na actualidade goza dun status de cooficialidade co castelán en todo o territorio galego. Non obstante, isto non significou un afortalamento e unha extensión do uso da lingua e, polo tanto, unha normalización real da mesma. Así, o proceso iniciado nos anos 50, coa irrupción masiva dos medios de comunicación unicamente en español e outros factores determinantes, non só non invertiu a súa tendencia, senón que se agudizou dun xeito moi notable.

Segundo o Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma Galega, o galego é a “lingua propia de Galicia”³. Tal condición foi adquirida ao abeiro do articulado da Constitución Española, que no seu artigo 3.2 recoñecía coma cooficiais os idiomas galego, éuscaro e catalán nos seus respectivos territorios, xunto co español. Ademais, dende o nacemento da autonomía galega, no ano 1981, desenvolvéronse diferentes planos de normalización lingüística, que teñen a súa base na Lei de Normalización Lingüística⁴, aprobada polo Parlamento de Galiza en 1983, que tentan, alomenos no seu espírito, que o galego acade un status de lingua normalizada en todos os ámbitos da vida, de tal xeito que todo cidadán galego que desexe empregar o seu idioma en calquera ámbito público ou privado, poida facelo.

² O último período histórico en que a lingua galega estivo prohibida e o seu uso foi perseguido foi durante a ditadura do Xeneral Franco (1936-1975).

³ Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril. Artigo 5.1.

⁴ Lei 3/1983 de 15 de xuño.

3. O galego nos medios de comunicación tradicionais.

Dende que foi posible, trala fin da ditadura franquista, a posta en marcha de medios de comunicación libres e, polo tanto, de medios de comunicación que se expresasen en galego dun xeito non clandestino, a situación mudou notablemente. Deste xeito, agromaron certos medios monolingües en galego, unha situación que, nos últimos anos, sufriu un empobrecemento dende o punto de vista cualitativo.

Así, despois dun período en que, por exemplo, das tres canles de televisión que realizaban as súas emisións para o territorio galego, unhas delas, a Televisión de Galicia (TVG), fundada en 1984, emitía integramente en galego e outra, La 2 –segunda canle de Televisión Española-, ofrecía desconexións territoriais nesta lingua. Na actualidade, cunha oferta televisiva moito maior, tanto en aberto como através das plataformas dixitais de pagamento, a presenza do galego é a mesma, no caso da TVG e atópase nun proceso de redución na canle pública española. Se ollamos cara á radio, a situación é moi semellante, coa Radio Galega, emisora pública dependente da Xunta de Galicia, como único medio monolingüe en galego e certas desconexións noutras emisoras de titularidade estatal e privada.

No que atinxe á prensa escrita, ademais de certos xornais de ámbito comarcal, voceiros de barrio, estudantís, boletíns políticos, etc., só existe un diario integramente en galego, Galicia Hoxe e un semanario, A Nosa Terra, como únicos medios cunha difusión reseñable.

4. O galego en Internet

A situación descrita anteriormente no que atinxe á presenza do galego nos medios de comunicación tradicionais, muda sensiblemente coa irrupción de Internet coma medio de difusión. Así, malia ser a galega unha sociedade na que Internet aínda presenta unha implantación escasa (apenas un 25% de fogares con acceso á Rede en 2005)⁵, o uso do galego no total de páxinas e sitios web creados en Galiza é notable e, no caso dos blogs, é maioritario, cun 80% de blogs monolingües en galego⁶ – en calquera das súas normativas e sempre atendendo ao rexistro de Blogaliza-. Ademais, asistimos á creación de medios de comunicación dixitais en galego que, malia seren escasos, presentan unha actividade notable e un afortalamiento crecente, sendo paradigma destes o xornal electrónico Vieiros⁷, con dez anos de vida.

Atopamos, non obstante, fronte ao panorama anteriormente descrito, onde, no que a blogs se refire, o uso do galego é maioritario, a situación do galego noutro tipo de sitios web creados dende Galiza (empresas, medios de comunicación tradicionais, etc.) é ben distinta. Tal e como apunta Xavier Gómez Guinovart, en referencia ao estudo desenvolvido por Romero e Vaquero no ano 2001, “a maioría das empresas galegas utilizan só o castelán (57%) nas súas webs ou unha versión bilingüe inglés-castelán (23%), e só unha minoría incorporan o galego (14%) sempre en combinación con estoutras dúas linguas”⁸.

⁵ **Instituto Nacional de Estadística (INE)** - Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares. Segundo semestre de 2005.

⁶ A Blogosfera en galego: demografía, usos e contidos. op. cit..

⁷ **Vieiros** - <http://www.vieiros.com>

⁸ **Gómez Guinovart**, Xavier.: A lingua galega en Internet - Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade. - Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Debemos ter en conta, nesta altura, que Internet é unha ferramenta empregada fundamentalmente por xente moza. Segundo a Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares desenvolvida polo Instituto Nacional de Estadística de España, “por grupos de idade, o uso [de Internet] céntrase nas idades máis mozas (o 80% dos cidadáns de 15 a 24 anos e o 64% de entre 25 e 34 anos son usuarios de Internet)⁹. Tendo en conta que a crise de perda de número de falantes do galego está protagonizada, fundamentalmente, por este sector da poboación.



Imaxe 1. Xornal electrónico Vieiros

5. Discusións metalingüísticas: falando da lingua

Se o Blogaliza é un punto de encontro para os que escriben, falan e/ou pensan en galego, tamén o e para os que escriben, falan e/ou pensan sobre o galego. A lingua galega, como lingua minorizada, e cunha normativización relativamente recente – as

⁹ Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares, op. cit.

últimas ortográficas e morfolóxicas datan do ano 2003¹⁰-, presenta ao seu arredor un continuo debate sobre ortográfico e léxico. Esta discusión trasládase tamén ao Blogomillo, tanto na elección dos blogueiros galegos dunha ou doutra normativa, como nos propias entradas das bitácoras, onde a cuestión da lingua é habitual. Cómpre realizarmos, aínda que sexa dun xeito esquemático, ás diferentes opcións normativas que, ao longo dos anos, conviviron en Galiza. Teríamos, por unha banda, a popularmente coñecida coma “normativa oficial” ou, o que é o mesmo, as normas ortográficas e morfolóxicas dictadas dende a Real Academia Galega. Outras opcións normativas inclínanse cara a unha maior converxencia coa lingua portuguesa, tanto na ortografía coma no léxico: son as opcións coñecidas como “reintegracionistas” ou “lusistas”, e que teñen o seu expoñente en plataformas como a , Associação Galega da Língua (AGAL), “umha associação sem ánimo lucrativo, legalmente constituída em 1981, que visa a plena normalização do Galego-Português da Galiza e a sua reintegração no âmbito lingüístico a que historicamente pertence: o galego-luso-brasileiro”¹¹. Entre ambas as dúas opcións situouse a chamada “normativa de mínimos”, que recolle trazos das dúas antes descritas e que tradicionalmente foi defendida por sectores do nacionalismo, tales coma o Bloque Nacionalista Galego, que en 2003 decidiu adoptar a normativa da RAG, logo da súa última reforma.

Así as cousas, ao botarmos unha ollada aos blogueiros galegos e ás súas opcións normativas, atoparemos bitácoras como Todo Nada, escrita en galego normativo ou Aduaneiros sem Fronteiras, cuxos autores se decantan pola variante ortográfica reintegracionista. Unha boa mostra da convivencia de ambas opcións na blogosfera

¹⁰ **Galipedia** – http://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego [Consultado o 1-9-2006]

¹¹ **Portal Galego da Língua** - <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Sections> [Consultado o 1-9-2006]

galega é o sitio de novas sociais Chuza!¹², que se ben o seu creador – Berto, coautor tamén de Aduaneiros sem Fronteiras, optou por crealo na variante lusista, as noticias que nel aparecen están escritas, indiferentemente e segundo a opción do seu autor, nunha ou noutra normativa.

Convivencia, mais tamén discusión. Coma exemplo, extraemos os comentarios a raíz de certas afirmacións dun blogueiro: o autor do blog “O sorriso do gato” afirma que “Pero unha cousa é que a respete, e outra que me veñas dicindo que ti, por reintegracionista, estás dándolle nada menos que DIGNIDADE á lingua que eu falo con todo o orgullo e dereito do mundo, sen imposicións por parte de ningúnen. Non creo que ti, ou calquera reintegracionista (nin calquera membro da Academia¹³ ou da Mesa¹⁴), teñades máis autoridade ca min ou ca calquera outro galego-falante (ou galego-pensante) para falar de Dignidade. Nin por suposto á inversa.”¹⁵. Tamén é boa mostra do debate antes mencionado a serie de comentarios chegados a unha noticia publicada en Chuza!, e nos que se poden ler afirmacións coma “A questom é: se temos umha língua de talvez mais de 200 milhões de falantes (contando apenas Galiza, Portugal sem a zona de língua astur-leonesa-mirandesa, e o Brasil, mesmo excluindo as populações indígenas), por que razom nom vamos empregar esse argumento a favor da normalizaçom?”¹⁶

¹² **Chuza!** – www.chuza.org

¹³ Real Academia Galega

¹⁴ A Mesa pola Normalización Lingüística, asociación defensora do uso e normalización do galego.

¹⁵ **O sorriso do gato** - <http://sonriemientraspuedas.blogspot.com/2006/03/licor-caf-e-carallo-29.html> [Consultado o 1-9-2006]

¹⁶ **Chuza!** - <http://chuza.org/historia/reintegrata-non-practicante-e-dubidante-r-n-p-d/>

6. Noción de comunidade aplicada a Blogaliza

Como apunta José Luis Orihuela, “como todas as comunidades on-line, a blogosfera ten os seus líderes e cronistas, os seus estudosos e detractores, as súas grandezas e as súas miserias. Neste senso, as bitácoras, malia á súa absoluta liberdade, están suxeitas a un ríxido sistema de revisión de pares, polo cal todo o que se publica (alomenos nas máis influentes) está permanentemente sometido ao escrutinio dos demais”¹⁷ Poderíamos afirmar que Blogaliza se axusta a esta definición de comunidade on-line, trátase dunha comunidade, que, como apuntaba Orihuela, ten definidos dende a súa existencia como tal, que poderíamos datar, aproximadamente en decembro de 2002, rasgos característicos como líderes, estudosos, detractores ou constante revisión, dentro da liberdade de creación, dos contidos publicados. Así, e a xeito d exemplo, poderíamos falar de blogueiras como a xornalista María Yáñez, autora da bitácora Todo Nada como unha desas líderes, dado o carácter case que paradigmático do seu weblog, un dos pioneiros do Blogaliza, creado apenas “había quince ou vinte blogs en galego”¹⁸.

O que foi, no caso galego, determinante para o nacemento dunha comunidade blogueira, foi o idioma. Así, dentro do que sería o teórico marco de relación dos blogueiros de Galiza –o Estado Español, ou o que é o mesmo, unha comunidade lingüística basicamente en castelán- a comunidade artellouse en torno á identificación lingüística. Deste xeito, os blogs feitos en Galiza pero escritos en castelán non se enmarcan dentro desta comunidade; pola súa banda, o resto, foron tendendo ligazóns – no sentido internáutico, tamén no

¹⁷ **Orihuela**, José Luis – *Weblogs y blogosfera: el medio y la comunidad – Blogs. La conversación en Internet que está revolucionando medios, empresas y a ciudadanos*. Esic, 2005.

¹⁸ **Novaxove** – *Novaxove - Noticia - HablamosCon - A prensa en papel está indo a menos* <http://www.novaxove.com/noticias/seccion-1096882544224/noticia-1154796691847/GL/noticia.html>? [Consultado o 29-8-2006]

da interrelación máis ou menos persoal- ata crear a comunidade que co tempo foi medrando con máis blogs dentro da mesma lingua, ficando un espazo residual para os poucos blogs que dentro da comunidade están escritos en castelán.



Imaxe 2. Listaxe de blogs en Blogaliza.org

Como exemplo disto, podemos observar a filosofía que existía no momento en que naceu a comunidade como tal, un primeiro grupo de blogueiros que Uxío bautizou como Blogaliza. En decembro de 2002, no seu blog, facía o seguinte convite: "Convido a tódolos blogueiros castelán escribintes a que fagan intento por facer blogs en galego porque se o directorio acepta blogs en castelán produce dous problemas: 1. O interese principal do portal é servir de referencia aos blogs galegoparlantes é a entrada dos casteláns mérmalle representatividade. 2. Xa existen directorios en castelán é polo tanto "sobrecargaría" a rede con outro máis."¹⁹. Nesta altura, a cantidade de blogs en galego non chegaba a vinte, sendo cifrada por algúns daqueles blogueiros (Ascárida²⁰, Goretoxo²¹) en 16, aínda que a

¹⁹ Saudade.blog – Blogaliza archives
http://uxio.f2o.org/gal/archives/cat_blogaliza.html [Consultado o 29-8-2006]
²⁰ Orballo – <http://orballo.f2o.org>

conciencia de comunidade existiu cun número aínda menor, tal e como podemos observar nunha entrada do blog *De mares, portos e portas* correspondente ao 22 de marzo de 2002, cando o seu autor mostraba ledicia porque o número de blogs en galego aumentaba a sete²².

Cun número tan reducido de blogs e bitácoras, crear unha comunidade era relativamente sinxelo, cousa que non acontece na actualidade: a comunidade creada no 2002 ten agora case 2000 membros (1922 á altura de agosto de 2006), se temos en conta o rexistro de Blogaliza, e que se dispara se temos en conta os blogs en galego non rexistrados. Así, podemos concluír que a lingua enmarca a un grupo que, como explica o profesor Vicente González Radío, como calquera grupo social “representan diversidade de fins, intereses, medios e xeitos de vivir, xa que o comportamento colectivo está marcado pola relación permanente entre si e os outros, entre si e os demais, o grupo social”²³

7. Blogaliza: todos os temas en galego

Se de algo serviu o nacemento e desenvolvemento do Blogaliza é precisamente á hora de buscar, atopar e intercambiar opinións sobre todo tipo de temas sen ter que cambiar de idioma. Tendo en conta o espectro de medios tradicionais, e mesmo dixitais de Galiza, xa descrito con anterioridade, o galego, salvo en casos contados, fica relegado a un uso ritual ou minoritario, xeralmente relegado a temáticas culturais ou lúdicas, cando non a espazos adicados á información proveniente da Administración Pública, xeralmente previa subvención.

²¹ **Blogaliza** – <http://www.blogaliza.org>

²² **de mares, portos e portas » 2002 » Marzo » 17:** - <http://demares.blogaliza.org/2002/03/17/> [Consultado o 29-8-2006]

²³ **González Radío**, Vicente – *Masa y público*. Servizo de publicacións da Universidade da Coruña, 2004

Abonda ollarmos cara ao panorama editorial galego, fundamentalmente de xornais e revistas, o máis próximo “en papel” aos potenciais lectores de blogs. Así, se tomamos coma exemplo o xornal con maior difusión de Galicia: La Voz de Galicia (unha media de 665.000 lectores segundo a “oleada” de maio a outubro de 2006 do Estudio General de Medios)²⁴, observaremos que a lingua galega apenas aparece nas súas páxinas, e as máis das veces en artigos e noticias de carácter cultural. Tamén outras publicacións, xa integramente en galego, como é o caso da revista Tempos Novos²⁵, son un bo paradigma das publicacións en galego: neste caso, Tempos adica a súa atención a temas políticos cun enfoque nacionalista.

No entanto, se ollamos cara a Blogaliza, cara aos blogs inscritos neste directorio, observamos que existen case tantas bitácoras coma temas ou xeitos posibles de tratar un ou outro asunto. Tal e como relata o grupo de Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela no seu estudo A Blogosfera en galego, se ben preponderan certos temas, como é o caso da política (máis do 58% dos blogs de Blogaliza tratan asuntos políticos nas súas entradas), o certo é que o abano temático é amplísimo: existen blogs que tratan cuestións coma o cinema (o 31%), a tecnoloxía (o 21%), a ecoloxía (o 14%) ou a economía (o 10%)²⁶.

Á luz destes datos, é sinxelo concluír que a extensión do Blogaliza, da comunidade blogueira galega e en galego, constitúe un gran paso adiante para a normalización do galego, habida conta que é posible atopar todo tipo de temas, de interpretacións e discusións, que antes deberían ser buscados polos interesados noutras linguas – fundamentalmente en español- e que agora teñen o seu punto de partida de achegamento e discusión temática en blogs escritos en

²⁴ AIMC - <http://www.aimc.es/02egm/resumegm206.pdf> [Consultado o 1-9-2006]

²⁵ <http://www.vieiros.com/publicacions/veredicion.php?Ed=28>

²⁶ A Blogosfera en galego: demografía, usos e contidos. Op.. cit..

lingua galega, xa sexa falando de ciencia en O demo me leve²⁷, de cinema cos autores de Cinema Friki²⁸ ou Días Estranhos²⁹ ou botando un ollo ao audiovisual galego en A peli do día³⁰. Os blogueiros galegos tamén poden, sen trocar a lingua, acceder á información gastronómica proporcionada por Colineta³¹, achegarse (e descargar) á música independente galega d'A Regueifa³² ou mergullarse no mundo editorial e da edición da man de Brétemas³³... a diversidade temática do Blogaliza é, de seu, un feito, que se pode completar visitando bitácoras monográficas dedicadas á banda deseñada, como Un ollo de vidro³⁴ ou Baobab Estudio³⁵ ou ao mundo do ensino, coma Ensino en galego³⁶.

A multiplicidade de temas e a especialización e, se se quere, o rigor co que os blogueiros tratan as temáticas especializadas, dá lugar a que algúns adquiran a categoría pública de "expertos" nunha ou noutra materia, condición á que, probablemente, non terían accedido gozando dos mesmos coñecementos, sen poderen usar o blog e inserirse na comunidade. Boa mostra disto son os xa mencionados autores d'A peli do día e Cinema Friki, convidados, por exemplo, a colaborar en programas da Radio Galega ou a impartir conferencias no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)³⁷.

²⁷ **O demo me leve** - <http://odemo.blogaliza.org>

²⁸ **Cinema Friki** - <http://cinemafriki.bitacorras.com>

²⁹ **Días Estranhos** - <http://pawley.blogalia.com>

³⁰ **A peli do día** - <http://apelidodia.bitacorras.com>

³¹ **Colineta** - <http://www.colineta.com>

³² **A Regueifa** - <http://aregueifa.blogspot.com>

³³ **Bretemas** - <http://bretemas.blogspot.com>

³⁴ **Un ollo de vidro** - <http://unollodevidro.blogspot.com>

³⁵ **Baobab Estudio** - <http://baoabestudio.blogspot.com>

³⁶ **Ensino en galego** - <http://engalego.blogspot.com>

³⁷ **CGAI** -

<http://www.cgai.org/index.php?seccion=programacion.php&dia=19&mes=7&ano=2006> [consultado o 1-9-2006]

8. A lingua como símbolo de identidade

Calhoun escribía que “non coñecemos xente sen nome, nin linguas ou culturas nas que non se establezan dalgún xeito distincións entre o eu e o outros, nós e eles. [...] O coñecemento dun mesmo - sempre unha construción pese a que se considere un descubrimento- nunca é completamente separable das esixencias de ser coñecido polos outros de modos específicos”³⁸. É dicir, que é imposible separar á persoa duns valores engadidos que son a súa cultura e, especialmente, a súa lingua. Estamos no mundo dende a nosa propia identidade. Na sociedade galega esto último ten un valor engadido. Sen entrar en xuízos sociolingüísticos e tentando non caer en simplismos, o uso do galego, e máis aínda, o uso do galego na rede denota unha toma de posicións, ben sexa política, social e/ou culturalmente.

Na rede buscamos sentirnos identificados, temos necesidade do galego porque nos representa. No fenómeno dos blogs esta necesidade de representación aumenta. E isto sucede porque se trata dun medio minimamente ríxido, se o comparamos con calquer medio de comunicación tradicional, onde a linguaxe que se adopta e mais os temas chegan con maior facilidade ao receptor. Porque a proximidade no tocante aos blogs xa non vai en cuestión da lingua, senón da cultura que citaba Calhoun, do mundo que arrodean a receptor e emisor, a tradición, unhas raíces culturais comúns. E iso é o que fai que o lector busque o blog galego, por proximidade e por identificación. E tamén porque o lector de blogs ten un perfil determinado que se superpón en moitos puntos ao perfil de falante de galego.

³⁸ **Castells**, Manuel -*La era de la información. El poder de la identidad*- Alianza editorial, 2003

A comunidade de blogs galegos artellouse entorno a un punto en común, que é a lingua e a identificación como tal a través dos valores engadidos que ten a propia lingua. A proximidade territorial, a temática ou a ideoloxía son factores que non nos permiten artellar toda unha comunidade. O primeiro, porque nos atopamos blogs en galego de blogueiros que non naceron aquí, que viven noutro continente. O segundo, porque como xa falaremos máis adiante, os blogs en galego, anque na súa meirande parte son utilizados a modo de diario, tratan moi diversos temas dende moi diversas ópticas. E o terceiro porque, a pesar de que se nos define ao blogueiro galego medio como un varón nacionalista de esquerdas³⁹, o certo é que no Blogomillo as ideoloxías son tan dispares coma os autores que levan detrás, e cáseque ningunha opinión queda fóra, aínda que como con calquera grupo, " os individuos adecuan o seu comportamento aos patróns existentes no grupo para non sentirse desprazados e non ser definidos como desviados sociais"⁴⁰. Aínda que no caso dos blogs se trata duns patróns menos ríxidos, existen de igual forma mediante mecanismos ás veces máis sutís, ás veces deliberadamente directos.

9. O receptor non blogueiro

Falar de blogs e de blogueiros resulta incompleto se non falamos doutro suxeito que, no caso da recepción da lingua, ten unha importancia decisiva. Trátase do receptor non blogueiro, que navega polos blogs como lector pero nese sistema especial que proporcionan os weblogs que é unha retroalimentación inmediata e directa, mediante un sistema de comentarios.

³⁹ **Canabal**, Silvia; **Gago**, Manuel; **López**, Xosé; **Isasi**, Antonio; **Limia**, Moisés; **Pereira**, José

Grupo de Novos Medios (Universidade de Santiago de Compostela) - A Blogosfera en galego: demografía, usos e contidos.

⁴⁰ **González Radío**, Vicente –*Masa y público*- Servizo de publicacións da Universidade da Coruña, 2004

Seguindo unha afirmación de Margarita Ledo, dado que non hai recepción do galego no fogar, os blogs constitúense nun produto de interese nun idioma que non é materno, e o consumo de produtos na lingua do país constitúese en decisivo para o futuro do idioma⁴¹. E é que na rede, o receptor ten intereses, é avaliativo e interactivo, ademais de medir as súas forzas ao traveso da lingua. Porque a lingua, na rede xa traspasa a noción de expresión dun grupo de falantes para converterse tamén nunha produción, unha produción que está a medrar a un ritmo vertixinoso, de maneira que calquera receptor pode atopar dúzias de artigos sobre os máis diversos temas sen ter que desprazarse a linguas alleas. Porque a meirande parte das páxinas web monolingües en galego son blogs ou páxinas da administración pública.

Pensemos, por un momento, nos medios de comunicación tradicionais. Pensemos, por exemplo, nas publicacións monolingües en galego, e os temas que tratan. Máis que normalización, xogan ao encadramento do idioma como un idioma para as páxinas de cultura e para os artigos de opinión. Os blogs, na actualidade, rachan con esa tendencia temática, porque ademais, os seus fins non son económicos, senón que é o interese polo interese o que o move. Da marxinalidade do galego nos medios tradicionais pasamos aos contidos na rede, e é que ademais, todas as normas que imperan nos medios de comunicación tradicionais, coma os códigos profesionais ou as convencións sociais, en certo modo non están vixentes na blogosfera, e iso incide tamén na lingua, e no papel que a lingua está xogando nos blogs, e no papel que estes están xogando como canle de normalización. Porque nun país no que só o 25% da poboación accede á rede de forma regular fronte a unha media europea do

⁴¹ **Ledo Andión**, Margarita –*Lingua galega e medios de comunicación – A Lingua Galega: Historia e Actualidade*- Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 2004

60%, o fenómeno dos blogs é moi importante⁴², e artéllase como un dos espazos máis normalizados e con máis forza.

Entón, a que altura quedan os blogs, e por ende a rede, neste proceso de normalización que estamos a vivir? Quizais sexa demasiado cedo para definilo. Sabemos, porque a experiencia e a perspectiva nolo permiten analizar, o papel que os medios de comunicación tradicionais xogaron no proceso de normalización do galego ao longo da nosa historia contemporánea: a radio, a prensa, a televisión, o cinema... Os blogs son aínda un fenómeno moi recente, pero o camiño que levan é o de ser o maior elemento normalizador dos tempos actuais, sobre todo, polo número de horas que a mocidade – o grupo social onde se perden falantes- adica á rede, e se temos en conta que o monolingüismo en castelán se sitúa arredor do 33,1% entre os máis mozos, e eu proceso que se acelera⁴³.

Porque é que ademais a batalla do galego estase dando entre a clase cultural galega, entre o que vulgarmente se coñeceu sempre como a xente estudiada, e non sobre a base, que é onde sobreviviu o galego sempre. Trátase, resumindo, da batalla pola normalización, non pola supervivencia.

Como elemento de revalorización do galego, a estas alturas “o blogomillo está a asumir tendencias que se dan no resto do mundo e, aínda máis, temos un nivel de blogs que están por riba do desenvolvemento da comunicación”⁴⁴, segundo afirma o xerente do blog Brétemas, adicado ao traballo de edición.

⁴² **Galicia Hoxe** – <http://www.galiciahoxe.com> [Consultado o 30-8-2006]

⁴³ **VV.AA** – *A sociedade galega e o idioma*- Consello da Cultura Galega, 2003

⁴⁴ **Galicia Hoxe** – <http://www.galiciahoxe.com> [Consultado o 30-8-2006]